

Carolina Pérez Capelo (2014): “Pereiroa, Pereiroá, Pereirúa, Pereiró. Os resultados toponímicos da terminación -ŎLA en galego”. *II Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC)*. Santiago de Compostela, 29-31 xaneiro 2014. [Póster]



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Pereiroa, Pereiroá, Pereirúa e Pereiró.

Os resultados toponímicos da terminación -ŎLA en galego

Carolina Pérez Capelo
carolina.perez.capelo@rai.usc.es
 Instituto da Lingua Galega (USC)

Grupo de investigación en Filoloxía e Lingüística Galega (GI-1743)

INTRODUCCIÓN



Quixemos achegarnos a través deste traballo aos resultados toponímicos en galego da terminación latina -ŎLA. Observamos os topónimos estudados desde o enfoque da xeografía lingüística, constatando así que as evolucións diverxentes da devandita terminación se atopan en distribución diatópica e constatando ademais esa distribución toponímica coa que o léxico común presenta. Partimos do presuposto de que a toponimia pode fornecer interesantes datos á xeografía lingüística, dando conta de situacións diatópicas xa pasadas ou de movementos nas isoglosas que delimitan un determinado fenómeno dialectal. As contribucións danse tamén no sentido inverso e a xeografía lingüística pode achegar datos que leven a validar ou invalidar hipóteses sobre a orixe de topónimos en distribución dialectal.

DATOS


A principal fonte de datos empregada foi o *Nomenclátor de Galicia (NG)*, que permite recuperar de xeito doado os datos da toponimia maior de Galicia. Logo de peneirarmos os datos do *NG*, establecemos un corpus de 196 topónimos no cal identificamos catro solucións diferentes:

1. -oa/s (111) → *Castiñeiroa, Abeleiroas, Grixoa...*
2. -oá/s (45) → *Cabreiroá, Abelleiroá, Bouzoá...*
3. -úa (12) → *Bouzúa, Pereirúa, Castañeirúa...*
4. -ó (28) → *Eiró, Mos, Nogueiró...*

*Deixamos fóra desta primeira aproximación outras posibles solucións en -uá, -á e -ón.




DISTRIBUCIÓN DIALECTAL DOS TOPÓNIMOS




Mapa 1. Distribución dialectal dos topónimos estudados


COMPARACIÓN COS DATOS DO LÉXICO COMÚN



Mapa 2. Resultados de *teiroa* (< *TELARIŎLA)
 Fonte: *Glosario de voces galegas de hoxe* (C. García, 1985: 672, 673, *teiroa*)



Mapa 3. Resultados de *moa* (< *MŎLA)
 Fonte: *Atlas Lingüístico Galego II*: 27, *moa*



Mapa 4. Resultados de *filloa* (< *FOLIŎLA)
 Fonte: *Atlas Lingüístico Galego III*: 125, Resultados do encontro secundario de O acentuado (<Ŏ) + -A final como consecuencia da perda de -L- intervocálico. Lat. FOLIŎLA > filloa


No Mapa 1 localizamos xeograficamente os topónimos estudados: i) A solución maioritaria en -oa ocupa toda a provincia da Coruña, boa parte das de Lugo e Pontevedra e dúas zonas relativamente pequenas no noroeste e no sueste ourensáns; ii) A solución en -ó rexístrase ao longo da costa pontevedresa, desde a Arousa ata a desembocadura do Miño; por todo o sur interior desta mesma provincia e na zona máis suroccidental de Ourense; iii) A terminación -oá aparece maioritariamente na provincia de Ourense, no centro e suroeste de Lugo e tamén en puntos illados no norte desta provincia; iv) Finalmente, a terminación -úa localízase fundamentalmente nunha área compacta no nordeste lucense (Riotorto, A Pontenova, A Fonsagrada e Navia do Suarna) e nos concellos asturianos galegófonsos.

Contemplamos este primeiro mapa coma a fotografía dun estadio xeolectal pretérito que en pouco coincide xa coa distribución diatópica observada a través dos datos da fala viva. Así, no Mapa 2 preséntanse aínda as catro variantes, mais tamén constatamos indicios do desprazamento das variantes minoritarias -oá e -úa en favor de -oa. No mapa de *moa*, as variantes -oá e -úa foron completamente absorvidas por -oa e tamén se nota xa certo retroceso da terminación -ó fronte a -oa. Finalmente, no Mapa 4 obsérvase claramente o retroceso de -ó fronte a -oa. Observamos como as solucións minoritarias tenderon (e tenden) a substituírse na fala pola máis común, unha substitución que, neste caso, non afectou aos topónimos, máis resistentes perante o cambio e ancorados nun estadio pasado, permitiéndonos agora debuxar un bosquejo dunha situación dialectal practicamente superada.

TOPÓNIMOS DE ORIXE DUBIDOSA

O trazado das áreas que ocupan esas catro variantes herdeiras da terminación latina -ŎLA resulta tamén interesante á hora de tentarmos establecer a orixe dos topónimos. Como exemplo, recolleamos aquí un pequeno monllo de topónimos cuxo étimo resulta dubidoso. As hipóteses etimolóxicas tomadas da bibliografía rastrexada poden ser ratificadas ou invalidadas tendo en conta a localización xeográfica do topónimo estudado.

Pedamúa → <i>Múa</i> var. de <i>Moa</i> / <i>Mó</i>	✗
Arzúa < *ARGIŎLA	✗
Cafúa < CAVEŎLA	✗
Castaxúa < CASA *TAGIŎLA	✗
Madroa < *MADEROLA	✗
Queiroa, Queiroás < CARIŎLA	✓
Queirúa < CARIŎLA	✗



Mapa 5. Topónimos de orixe dubidosa